

Narón mar aberto

“Narón mar aberto” contempla a realización de distintas accións que teñen todas como característica común aproveitar os propios recursos existentes no Concello poñéndoos en valor e fomentando a súa conservación. Todas as actividades propostas no marco deste proxecto son acordes e están en liña con tres dos catro obxectivos estratéxicos da Estratexia de Desenvolvemento Participativo do Golfo Artabro Norte:

. Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras.

Tres foros ás actividades que se levaron a cabo nesta primeira parte do proxecto:

Actividade 1.- Obradoiro para escoller, preparar, limpar e cociñar os produtos do mar

A realización desta actividade supuxo unha ampla explicación de como se deben tratar os produtos do mar especialmente para o consumo humano así como os beneficios para a saúde.

As técnicas de corte, limpeza e cociñado que se explicaron obtiveron unha gran aceptación dentro dos asistentes xa que permitiron ampliar coñecementos relacionados con produtos do mar que non sempre consumimos.



Actividade 2.- Obradoiro de tapas e pinchos con produtos do mar

Este taller, foi impartido pola docente e experta en temas de nutrición Susana Rañal, orientado principalmente ó sector da hostalería, coa finalidade de que tiveran a oportunidade de preparar diferentes tapas e pinchos con produtos do mar para ofrecelos nos seus establecementos e tratar de traballar con eles a nivel culinario dándolles unha imaxe e tratamento distinto.

O feito de que fora orientado principalmente á hostalería tamén permitiu que se ampliaran contactos e relacións comerciais de interese para clientes e provedores e se mostraran as principais liñas de produtos como os mariscos e a gama de pescados.



Actividade 3.- Explora aves marinas na Costa Ártabra

Dar a coñecer a importancia das aves mariñas a súa identificación e diagnoses no territorio do Golfo Ártabro. Analizar os potenciais impactos e ameazas existentes para as aves mariñas neste territorio tales como: (contaminación mariña, captura accidental, ecoloxía, uso público, problemas relacionados co tráfico marítimo e a mortalidade en artes de pesca...). Censo das poboacións reprodutoras, invernantes e migrantes de aves mariñas no Golfo Ártabro.

Tamén se levou a cabo o taller de construción de caixas nido onde se conseguiu poñer en valor as especies e aves da contorna de Narón e facer partícipe a crianzas e familias do coidado e respecto á natureza.

